

IMPLANTACIÓN DE UN PUNTO
LIMPO MÓBIL PARA A
AGRUPACIÓN DAS ENTIDADES
LOCAIS DE PEREIRO DE AGUIAR E
NOGUEIRA DE RAMUÍN



INDICE

1. Tipoloxía e nome do proxecto
2. Descrición xeral da actuación
3. Datos de identificación do responsable técnico da actuación
4. Análise da situación actual dentro do ámbito local
 - 4.1. Explicación do estado actual de recollida
 - 4.1.1. Recollida de residuos existente
 - 4.1.2. Punto limpo
 - 4.2. Deficiencias atopadas
 - 4.3. Posibilidades de mellora
5. Obxectivos do proxecto e das súas actuacións
 - 5.1. Obxectivos do proxecto
 - 5.2. Beneficios ambientais resultantes
6. Descrición do proxecto
 - 6.1. Descrición
 - 6.2. Lexislación de obrigado cumprimento
 - 6.3. Ámbito de actuación, poboación e axentes implicados
 - 6.4. Obxectivos cuantitativos
 - 6.5. Obxectivos cualitativos
 - 6.6. Xestión dos residuos depositados no punto limpo
 - 6.7. Xestión do punto limpo móbil e custos asociados
 - 6.8. Calendario de situación do punto limpo móbil
 - 6.9. Planificación temporal
7. Plan de actuación
 - 7.1. Materiais
 - 7.2. Actuacións
8. Seguimento
 - 8.1. Indicadores
 - 8.2. Medidas de seguimento
9. Resultados esperados
10. Orzamento detallado
11. Parámetros necesarios para a avaliación da solicitude segundo o descrito no “Artigo 14. Criterios de valoración” das bases



1. Tipoloxía e nome do proxecto

Ó obxecto do proxecto nomeado “ADQUISICIÓN DE PUNTO LIMPO MÓBIL PARA A AGRUPACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DE PEREIRO DE AGUIAR E NOGUEIRA DE RAMUÍN” comprende a adquisición e posta en marcha dun punto limpo móbil para a xestión de residuos dos municipios de Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín.

2. Descrición xeral da actuación

A presente actuación ten por obxecto a mellora do servizo de recollida de residuos dos Concellos de Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín. Consiste na habilitación de un vehículo de chasis debidamente carrozado que sirva como soporte de un punto limpo que poderá ser estacionado en diversos puntos dos municipios, con un calendario prefixado, facilitando a deposición de residuos concretos para a súa recuperación.

3. Datos de identificación do responsable técnico da actuación

Segundo o disposto na “Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (código de procedemento MT975I)” achégase os datos identificativos do responsable técnico conforme ao establecido no artigo 7.2 das bases reguladoras:

Persoa de contacto	Iago Pedreira Bestilleiro
Correo electrónico	iago.pedreira@flinq.es
Teléfono	657 12 06 35

4. Análise da situación actual dentro do ámbito local

4.1. Explicación do estado actual de recollida

4.1.1. Recollida de residuos existente

Existen catro modelos de xestión residual en Galicia. O modelo Sogama, o modelo húmido-seco (Nostián), o modelo húmido-seco (Barbanza) e o modelo vertedoiro que está desaparecendo por ser o que peor fai a xestión dos residuos xa que tira a fracción resto nun vertedoiro.

A recollida de lixo nos dous Concellos ten como base na actualidade o modelo de xestión Sogama, no cal se separan 4 fraccións de residuos, por un lado o que se chama resto, por outro os envases lixeiros, a terceira fracción sería o papel-cartón e finalmente a cuarta o vidro. Esta recollida faise por medio de contedores repartidos pola superficie dos municipios.



4.1.2. Punto limpo

O Punto Limpo é unha instalación destinada a recibir, previamente seleccionados, certos tipos de residuos que, ben por ser reciclables, ou ben por estar considerados como tóxicos e perigosos, non é conveniente que se eliminen có resto do lixo doméstico. Estes residuos son depositados en contedores específicos para cada tipo de material e posteriormente trasladados a centros de valorización, tratamento ou confinamento. Este método de recollida se enmarca dentro da recollida selectiva o que fai que estes residuos vaian a parar a unha planta de recuperación e reciclaxe.

En Pereiro de Aguiar existe un punto limpo.

4.2. Deficiencias atopadas

As deficiencias que definen o sistema de recollida e reciclaxe dos Concellos participantes, son:

- Debido a que nos concellos non contan cun punto limpo, a problemática que lle supoñe a moitos veciños a desprazarse ata as instalacións do punto limpo máis próximo, en Verín, fai que non se depositen determinados residuos que poderían ser aproveitados adecuadamente para o seu reciclaxe ou valorización.
- Non hai un bo coñecemento xeral dos habitantes do municipio sobre onde deben tirar o lixo segundo de que tipo se trate.
- Non se están a realizar campañas de concienciación para reciclaxe e valorización de residuos.
- Non hai datos cuantitativos de cantos residuos se recolle por habitante.
- Hai un elevado porcentaxe de impropios na recollida selectiva.

4.3. Posibilidades de mellora

As posibles melloras a acadar son as seguintes:

- Aumentar o número de fraccións recollidas para a súa reciclaxe e valoración.
- Incrementar os coñecementos acerca de residuos da poboación residente no municipio.
- Concienciar aos cidadáns de que deben de separar mellor as fraccións de residuos.
- Facilitarlle aos residentes do concello, especialmente a aqueles que viven afastados dos núcleos urbanos, a separación en fraccións dos seus residuos.
- Mellora da calidade dos datos a recoller para as métricas e estatísticas do municipio.

5. Obxectivos do proxecto e das súas actuacións

5.1. Obxectivos do proxecto

Entre os obxectivos mais importantes da dotación de un punto limpo móbil atópanse os seguintes:

- Acercamento a poboacións non urbanas e afastadas do centro municipal de un método de recollida selectiva mediante o estacionamento do vehículo adaptado en distintos puntos dos concellos.



- Separar os residuos perigosos xerados nos fogares, cuxa eliminación conxunta co resto dos residuos urbanos ou mediante o vertido á rede de saneamento, representa un risco para o medio ambiente e contribúe á contaminación do medio ambiente.
- Co fomento da recollida selectiva en orixe fomentárase a estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe. Deste xeito pódese potenciar dito mercado.
- Implicar ás persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores implicados.
- Mellorar a cantidade, a calidade e a posibilidade de acceso ós recursos didácticos e a outras ferramentas para a educación ambiental no ámbito dos residuos.
- Potenciar a utilización dos servizos a demanda ofrecidos polos Concellos.

No apartado 6 deste documento inclúense detalles sobre os obxectivos cualitativos e cuantitativos do proxecto con un maior detalle.

5.2. Beneficios ambientais resultantes

Entre os beneficios ambientais resultantes da actuación atópanse os seguintes:

- Evitar o vertido incontrolado dos residuos voluminosos que non poden ser eliminados a través dos servizos convencionais de recollida do lixo.
- Aproveitamento dos materiais contidos nos residuos sólidos urbanos que son susceptibles de un reciclaxe directo, conseguindo con isto un aforro enerxético e de materias primas, así coma unha redución en volume de residuos que é necesario tratar ou eliminar.
- Diminuír a contaminación do medio ambiente debida a minoración dos vertidos de residuos perigosos nas redes de saneamento e noutros ámbitos.
- Loitar contra os vertedoiros incontrolados, tanto en zonas naturais coma noutras, a través do ofrecemento á poboación dun medio alternativo para a eliminación de residuos domésticos que non entran dentro da recollida tradicional de lixo.
- Proporcionar aos cidadáns información actualizada, relevante, transparente e comprensible sobre a natureza e a magnitude dos problemas e os retos ambientais e, en concreto, sobre os problemas asociados ós hábitos actuais de consumo e a correspondente xeración de residuos.



6. Descrición do proxecto

6.1. Descrición

Este proxecto comprende a dotación de un vehículo adaptado para a recollida selectiva de certas fraccións de residuos realizando así a labor de un punto limpo móbil. Conxuntamente á implantación deste servizo preténdese facer unha forte campaña de sensibilización e información na poboación do municipio de forma que arraigue nela.

Inclúense a continuación os criterios para a localización dos punto limpos móbiles:

Tipo de instalación	Puntos limpos fixos	Puntos limpos móbiles	Minipuntos limpos
Núcleos urbanos de máis de 3.000 habitantes	Obrigatorio	Obrigatorio	
Concellos de menos de 3.000 habitantes		Recomendado	
Centro dos concello urbanos			Recomendado
Barrios dos concellos urbanos que non dispoñan de minipunto limpo		Recomendado	

**Fonte: Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020.*

O punto limpo móbil servirá de ferramenta para poder separar unha gran cantidade de residuos que poderían ser depositados erroneamente dentro da fracción “resto” e que non se separen para o seu aproveitamento, reciclaxe ou valorización. Entre os materiais previstos que se poderán depositar no punto limpo móbil estarán os seguintes:

- Residuos plásticos.
- Residuos voluminosos
- Plásticos agrícolas.
- Rodas usadas.
- Aceites vexetais usados
- Residuos de construción e demolición, escombros (RCD's)

Entre os materiais mais comúns que **non** se poderán depositar no punto limpo móbil estarán:

- Fracción resto. (Teñen os seus colectores individuais)
- Residuos de construción con amianto
- Calquera residuo de carácter industrial ou que deban ter sistemas de xestión específicos de acordo coa lexislación vixente. (Teñen que ter xa un sistema de xestión adaptado a ese residuo)
- Residuos das actividades comerciais que excedan un volume unitario equiparable o dun domicilio particular na súa actividade diaria. (Teñen que ter xa un sistema de xestión adaptado a ese residuo)
- Residuos de poda e vexetais (biodegradables).



- Residuos de madeira
- Residuos metálicos.
- Tubos fluorescentes e outros que conteñan mercurio (termómetros).
- Aceites de motor.
- Filtros de aceite.
- Absorbentes.
- Baterías de chumbo.
- Pilas.
- Pinturas, tintas, adhesivos e resinas que conteñen substancias perigosas.
- Envases baleiros contaminados.
- Sprays e aerosois.
- Cartuchos e tóner de impresora.
- Películas e papel fotográfico que conteña prata.
- Libros.

6.2. Lexislación de obrigado cumprimento

O punto limpo móbil cumprirá, cando lle fose de aplicación, os preceptos establecidos na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia así coma os do Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos en Galicia e o do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, así como calquera outra norma que fora de aplicación.

6.3. Ámbito de actuación, poboación e axentes implicados

A actuación enmarcarase nos municipios de Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, dando servizo a toda a súa poboación.

Segundo o Instituto Galego de Estadística e o Instituto Nacional de Estadística, a poboación do Concello de Pereiro de Aguiar é actualmente de 919 habitantes, mentres que en Nogueira de Ramuín son 745 habitantes.

O que fai un total de 1.664 veciños empadroados nos dous municipios.

Ademais dos propios Concellos, como promotores da actuación, buscarase a implicación de todos os sectores do municipio, especialmente:

- Poboación en xeral
- Grandes produtores de residuos
- Sector industrial
- Sector comercial
- Sector agropecuario



6.4. Obxectivos cuantitativos

Segundo os datos do Plan de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 a cantidade de residuos xerada anualmente por habitante na comunidade é duns 400 kg por habitante e ano e dentro desta cantidade a distribución en porcentaxes de cada tipo de residuo é a mostrada na seguinte táboa:

	Bolsa tipo Galicia
Materia orgánica	42%
Papel-Cartón	18%
Vidro	6%
Envases Lixeiros	15%
Outros *	19%

*Fonte: Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020.

O apartado "Outros" co 19% da fracción sobre o total comprende aqueles residuos que non son parte das fraccións básicas anteriores, que xa dispoñen de sistema de recollida separada segundo o sistema Sogama, e por tanto comprenden parte dos que serían susceptibles da entrega no punto limpo móbil, reducindo a fracción resto nos casos en que se depositaran nesta ou ben facilitando o seu depósito por unha maior proximidade ao punto limpo tras a implantación do sistema que se propón.

Este 19% supón as cantidades de residuos amosadas na seguinte táboa:

Concello	Toneladas anuais de residuo correspondente á fracción "Outros 19%"
Pereiro de Aguiar	492
Nogueira de Ramuín	157
TOTAL	649

Coa implantación do punto limpo móbil agárdase que se produza a recollida neste de a lo menos o 5% destes residuos no primeiro ano, e que esta cantidade vaia en aumento con unha progresiva concienciación nos anos seguintes ata acadar o 15% da fracción en 3 anos.

A cantidade total de residuos recollida polo punto limpo móbil sería polo tanto:

	% fracción "Outros 19%"	Toneladas/ano
Ano 1	5%	32
Ano 2	10%	65
Ano 3 e seguintes	15%	97



Deste xeito o punto limpo móbil chegaría a recoller 97 toneladas ao ano o que supón a cantidade de 266 kg ao día.

Estas estimacións constitúen cálculos aproximados a fin de dispoñer de un punto de partida sobre o que facer seguimento, e non teñen en conta aspectos como a evolución da poboación dos concellos.

6.5. Obxectivos cualitativos

- Prever os riscos para a saúde e o benestar das persoas, sen provocar incomodidades polo ruído ou os olores.
- Protexer o medio ambiente sen crear riscos para o auga, o chan, a flora e a fauna.
- Preservar o paisaxe e, particularmente, os lugares de especial interese.
- Reducir a cantidade e nocividade dos residuos xerados nos municipios.
- Fomentar a recollida selectiva de residuos e a reutilización de produtos e materiais usados.
- Reducir e perseguir o abandono, vertido ou eliminación incontrolados de los residuos.
- Promover a participación e colaboración activa dos habitantes na sensibilización e concienciación social. Actuarase coa debida transparencia, poñendo a disposición pública toda a información relativa ós residuos.
- Promover a integración de programas de educación en materia de residuos en todos os ciclos formativos, asegurando a información á cidadanía sobre a acción pública nesta materia có fin de promover a súa colaboración para a redución e valorización dos residuos.
- Desenvolver instrumentos de planificación, inspección e control que favorezan a suficiencia, seguridade e eficiencia das actividades de xestión dos residuos.
- Desenvolver ferramentas e estratexias de comunicación ambiental.
- Proporcionar ós cidadáns información actualizada, relevante, transparente e comprensible sobre a natureza e a magnitude dos problemas e os retos ambientais e, en concreto, sobre os problemas asociados ós hábitos actuais de consumo e a correspondente xeración de residuos.

6.6. Xestión dos residuos depositados no punto limpo

Os residuos recollidos polo punto limpo móbil serán depositados ao xestor de residuos autorizado segundo os compromisos e acordos de entrega e xestión aportados.

Os residuos recollido segundo a tipoloxía (Kg) polo punto limpo móbil serán:

Tipoloxía de residuos	kg /anual (primer ano)	kg /anuais (terceiro ano e seguintes)	%
Pilas, baterías	3892	11678	12%
Pinturas, vernices, disolventes...	3244	9732	10%
Xoguetes	2919	8758	9%
Aceites vexetais usados	3892	11678	12%
Roupa	5514	16544	17%
Lámpadas	3892	11678	12%
RAEEs	6488	19464	20%
Outros residuos	2595	7785	8%



Total	32.000	97.000	100%
-------	--------	--------	------

Datos identificadores da instalación autorizada:

As instalacións do punto limpo fixo no que se depositarán os residuos recollidos, o situado en Verín, ten autorizada a recollida das seguintes tipoloxías de residuos :

RESIDUOS NON PERIGOSOS

- Plásticos domiciliarios ou asimilables, excluídos os envases
- Plásticos procedentes de residuos da construción
- Envases lixeiros (bolsa amarela)
- Papel e cartón
- Envases de vidro
- Madeiras de residuos domiciliarios
- Restos metálicos do fogar
- Entullos de obras menores
- Voluminosos (colchóns)
- Voluminosos (outros mobles)
- Voluminosos (sofás)
- Restos de poda, segas e vexetais
- Roupas

RESIDUOS PERIGOSOS

- Aceites minerais (motor) e outros aceites e graxas non comestibles
- Filtros de aceite
- Disolventes, pinturas, vernices
- Envases de Residuos Perigosos
- Baterías automóbiles
- Pilas e outros acumuladores
- Radiografías
- Tóner e cartuchos de impresoras
- Aerosois e envases metálicos con matriz porosa sólida perigosa

RAEE,S

- Electrodomésticos con CFC
- Electrodomésticos sen CFC
- Equipos de informática e telecomunicacións (monitores, TV)
- Fluorescentes
- Luminarias (sen lámpada)
- Pequenos electrodomésticos, ferramentas, xoguetes electrónicos

Polo tanto, os residuos recollidos polo punto limpo móbil obxecto desta subvención , teñen a tipoloxía axeitada para ser aceptados nas súas instalacións.



6.7. Xestión do punto limpo móbil e custos asociados

Para a xestión e mantemento do punto limpo móbil establecerase un acordo de xestión entre os concellos implicados, de xeito que se produza un reparto de custos e responsabilidades equitativo, comprendendo estes os seguintes estimados:

- Custo anual de mantemento do vehículo

Estímase os seguintes custos crecentes de mantemento do vehículo, incluíndo estes o seguro de responsabilidade civil, custos de mantemento periódico, reparacións, impostos e custos de ITV ao longo dunha vida útil estimada de vinte anos:

- Nos 5 primeiros anos: 700 €/ano
- Do ano 6 ao 10: 1.300 €/ano
- Do ano 11 ao 15: 1.800 €/ano
- Do ano 16 ao 20: 2.500 €/ano

- Custo anual de combustible

Estímase o movemento do punto limpo móbil 5 veces por semana, uns 30 km en cada operación, con un custe de combustible de 1,3 €/litro e consumo medio de 12,5 litros cada 100km, o que resulta nun custo anual duns 1.300 euros/ano.

- Custo de operación do persoal

Considérase o traballo de dous operarios, 3 veces por semana, 3 horas en cada operación, estimando custos de salario medio segundo convenio, o que resulta nun custo anual duns 15.000 euros/ano.

- Custo pola xestión dos residuos recollidos

Segundo a estimación indicada no punto anterior a cantidade de residuos a xestionar anualmente polo punto limpo móbil será dunhas 6 toneladas no primeiro ano, ata o entorno de unhas 19 toneladas no terceiro ano de operación e seguintes. Tras o depósito destes residuos producirase a entrega ou ben a punto limpo fixo ou ben a xestor de residuos autorizado, para o cal os prezos por tonelada de residuo entregada terán bastante oscilación dependendo da súa tipoloxía. Para facer unha estimación dos custos de xestión que se poden agardar tómase coma referencia os aplicados por diferentes xestores a cada material tomando como como prezo medio de referencia a cifra de 120 euros/tonelada, de xeito que o custe anual neste capítulo alcanzará os 759 € no primeiro ano, ata os 2.276 euros no terceiro ano e seguintes.

Non se contemplan nesta estimación outros custos asociados de pequena entidade como poderían ser os correspondentes a vestiario, uso de ferramentas e custos de xestión administrativa indirecta.

Os custos de xestión anuais totais serán por tanto os comprendidos na seguinte táboa. Para afrontar estes gastos establecerase, a través de acordo de xestión compartida, o reparto indicado:


Gastos anuais totais de funcionamento do punto limpo móbil (€/ano)					
Ano	Mantemento do vehículo	Combustible	Persoal	Xestión de residuos	TOTAL



Ano 1	700	1.300	15.000	3.893	20.893
Ano 2	700	1.300	15.000	7.786	24.786
Ano 3	700	1.300	15.000	11.679	28.679
Ano 4	700	1.300	15.000	11.679	28.679
Ano 5	700	1.300	15.000	11.679	28.679
Ano 6	1.300	1.300	15.000	11.679	29.279
Ano 7	1.300	1.300	15.000	11.679	29.279
Ano 8	1.300	1.300	15.000	11.679	29.279
Ano 9	1.300	1.300	15.000	11.679	29.279
Ano 10	1.300	1.300	15.000	11.679	29.279
Ano 11	1.800	1.300	15.000	11.679	29.779
Ano 12	1.800	1.300	15.000	11.679	29.779
Ano 13	1.800	1.300	15.000	11.679	29.779
Ano 14	1.800	1.300	15.000	11.679	29.779
Ano 15	1.800	1.300	15.000	11.679	29.779
Ano 16	2.500	1.300	15.000	11.679	30.479
Ano 17	2.500	1.300	15.000	11.679	30.479
Ano 18	2.500	1.300	15.000	11.679	30.479
Ano 19	2.500	1.300	15.000	11.679	30.479
Ano 20	2.500	1.300	15.000	11.679	30.479

6.8. Calendario de situación do punto limpo móbil

Establecerase un sistema rotativo de estacionamento do punto limpo móbil polas diversas parroquias e núcleos de poboación do concello para dar servizo a todos os veciños.



Parroquias dos concellos de Pereiro de Aguiar (verde), Nogueira de Ramuín (azul). Fonte: elaboración propia

Como aproximación a un posible calendario de rotación, estímase o seguinte:

Día de estacionamento	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Concello de Nogueira de Ramuín Parroquias	San Xosé da Carballeira, San Martiño de Nogueira de Ramuín, Santa María de Viñoás	San Xoán de Moura, Santa Baia de Luíntra	San Estevo de Ribas de Sil, Santa Baia de Vilar de Cerreda, Santiago de Cerreda	Santa Cruz de Rubiacós, San Salvador de Loña do Monte	San Cristovo de Armariz, Santa María de Farramontaos, San Miguel do Campo
Concello de Pereiro de Aguiar Parroquias	San Cibrao de Covas, San Pedro de Triós	Santa Ana de Chaodarcas, Santa Marta de Moreiras	San Martiño de Moreiras, Santa María de Melias, San Miguel de Calvelle	San Bernaldo de Tibiás, Santa María de Lamela, San Salvador de Prexigueiró	San Martiño de Sabadelle, Santa Cristina de Vilariño, Santa María de Meilas



Neste eido será fundamental que se informe adecuadamente a todos os veciños do calendario de situación.

Tamén se establecerá un teléfono de atención para recollida a domicilio de elementos que polo seu tamaño sexa complexo manipular, tales como os residuos voluminosos.

6.9. Planificación temporal

Preséntase na páxina seguinte a programación temporal para o desenvolvemento do proxecto en correspondencia coas previsións de gastos incluídos no orzamento e tendo en conta os prazos establecidos nas bases reguladoras, que indican como data límite para xustificación do investimento o 30 de novembro de 2022:

CAPITULOS	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro
PRAZO PARA A RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE	//////	//////	//////	//////	//////				
LICITACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DO PUNTO LIMPO MÓBIL E DA EXECUCIÓN DA CAMPAÑA INFORMATIVA						//////			
POSTA EN SERVIZO							//////	//////	
XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS									//////
EXECUTADO PARCIAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	72.600,00	0,00	0,00
EXECUTADO ACUMULADO	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	72.600,00	72.600,00	72.600,00

7. Plan de actuación

7.1. Materiais

Son moitos os residuos especiais que non teñen cabida nos diferentes tipos de contedores repartidos nun concello. Residuos que, polo seu volume ou toxicidade, ou pola frecuencia da súa produción, esixen unhas instalacións de recollida particulares.



Para atender estas necesidades deseñouse un punto limpo móbil que consiste nun vehículo equipado con contedores especiais para diferentes tipos de residuos de orixe doméstico.

O punto limpo móbil se comporá dun camión coas seguintes características:

- Será un camión de dous eixes e roda baixa.
- Terá unha MMA no superior a 3.500kg para que poida ser usado por persoas có carné tipo B.
- Contará cunha grúa de no menos de 1.000kg a 2,5 metros (con 5 metros de radio de actuación mínimo) para facer as labores de carga e descarga de certos contedores que poden chegar a pesar moito como para que os operarios carguen con eles. E terá apoios para evitar a carga a os eixes do camión e danalo.
- A caixa do camión será basculante para favorecer a descarga de elementos que estean moi fraccionados e deste xeito acelerar o proceso de baleirado do vehículo.
- Os laterais da caixa terán que ser abatibles de modo que cando se estacione cós contedores nun núcleo do concello, estes laterais podan baixarse e deixar á vista os colectores de residuos.
- As medidas da caixa se maximizarán no posible para poder acomodar mais folgadamente as cargas.
- O motor terá no menos de 120 CV de potencia pero se premiará que sexa pouco contaminante e de baixo consumo.
- Dispoñerá de ABS e control de tracción.
- Terá tamén aire acondicionado.



Exemplo de camión da tipoloxía indicada

Po outro lado o punto limpo móbil o formará os colectores de residuos que contarán con:

- Serigrafía identificativa do tipo de residuo a depositar en todos eles. Cada un deles disporá dunha cor acorde co tipo de residuo do que se trate.
- Boca de entrada dos residuos a unha altura no superior a 1,5 metros do chan unha vez colocado no camión. Con tapa para evitar esporexer olores e de tamaño adaptado ao tipo de residuo.
- Anclaxes para fixar á caixa do camión cando se monte nel.
- Cada colector contará cun gancho para a súa descarga mediante a grúa e un sistema de descarga sinxelo.
- Os colectores estarán fabricados en aceiro e protexidos contra a corrosión.

- Deberán ser, ademais, resistentes a golpes e manipulacións non coidadosas.



Exemplo de contedores da tipoloxía indicada

Haberá un número de colectores igual á cantidade de residuos indicada no apartado correspondente deste documento e serán de un tamaño acorde có residuo a depositar.

7.2. Actuacións

As actuacións mais importantes para o desenvolvemento do proxecto, conforme ao descrito no diagrama temporal que se xunta serán:

- A licitación para adquisición do punto limpo móbil e da execución da campaña informativa.
- A posta en servizo do punto limpo móbil
- Os traballos para xustificación das actuacións subvencionadas.

No momento no que sexa comunicada a adxudicación da axuda, procederase á licitación do vehículo punto limpo móbil, para o cal aplicaranse criterios de compra pública verde ou ecolóxica nos expedientes de contratación segundo o disposto nas bases da subvención. Unha vez completados os procesos de contratación procederase á posta en servizo do punto limpo móbil. Por último confeccionarase a documentación xustificativa da subvención solicitada.

8. Seguimento

Para facer o seguimento da actuación e ante todo para ter coñecemento da evolución da actuación tomaranse certos datos de xeito periódico que serán indicativos do grao de efectividade do punto limpo móbil.



8.1. Indicadores

Os indicadores a empregar para o seguimento serán:

- Datos de xeración absoluta (tonelada / ano) de cada residuo recollido.
- Datos de xeración “*per cápita*” (kg/habitante/día) de cada residuo recollido.
- Cociente comparativo de residuos recollidos totais no punto limpo móbil fronte á redución da fracción resto (%)
- Gastos correspondentes á xestión do punto limpo móbil (€/ano e €/habitante.ano)

8.2. Medidas de seguimento

As medidas que se tomarán para facer o seguimento serán por un lado a recollida de datos mediante contacto cos axentes xestores de residuos do municipio e por outro o tratamento dos mesmos e inclusión deles nun informe que se redactara con carácter anual. Entre estes incluírase a redacción de informes de seguimento mensuais durante o primeiro ano de operación, que poderían cambiar a trimestrais segundo a avaliación a realizar ao cabo deste período.

9. Resultados esperados

Segundo o descrito no apartado 6 deste documento, ademais do cumprimento dos obxectivos cualitativos indicados agárdase que a cantidade de residuos a xestionar anualmente polo punto limpo móbil sexa de unhas 6 toneladas no primeiro ano, e ata o entorno de unhas 19 toneladas no terceiro ano de operación e seguintes.

10. Orzamento detallado

Presentase a continuación o orzamento de gasto para punto limpo móbil.

ACTUACIÓN ELEXIBLES:				
Capítulo único		Unidades	Prezo unitario (€)	Prezo total (€)
P01	Camión con 120CV e MMA 3.500kg, roda baixa, caixa basculante e con laterais abatibles, con grúa de 1.500kg con apoios anclada ó camión, con ABS e aire acondicionado. Inclúe os contedores serigrafiados e pintados con ganchos para a súa manipulación indicados no apartado N°7.1.	1	60.000,00	60.000,00
TOTAL CAPÍTULO				60.000,00
I.V.E. (21%)				12.600,00
TOTAL COSTE DE EXECUCIÓN POR CONTRATA				72.600,00
TOTAL COSTE ELEXIBLE				60.000,00
IMPORTE DE SUBVENCIÓN SOLICITADO (90% DO TOTAL COSTE ELEXIBLE)				54.000,00



IMPORTE APORTADO POR EL SOLICITANTE (10% DO TOTAL COSTE ELEXIBLE)	6.000,00
--	-----------------

Por tratarse dunha agrupación de entidades locais, a continuación, especificase o importe e porcentaxes de participación, correspondente a cada un dos municipios.

ACTUACIONES ELEXIBLES:						
Subpartidas P01	Porcentaxe de responsabilidade na inversión	Importe total da inversión (sen IVE)	Importe da subvención solicitada (sen IVE)	Importe da aportación municipal (sen IVE)	Importe total da inversión (con IVE)	Importe da aportación municipal (con IVE)
Participación económica do Concello de Pereiro de Aguiar na adquisición do camión.	50%	30.000,00	27.000,00	3.000,00	36.300,00	9.300,00
Participación económica do Concello de Nogueira de Ramuín na adquisición do camión.	50%	30.000,00	27.000,00	3.000,00	36.300,00	9.300,00
TOTAL	100%	60.000,00	54.000,00	6.000,00	72.600,00	18.600,00

Cada membro da agrupación asumirá un 50 % do coste total da actuación.

11. Parámetros necesarios para a avaliación da solicitude segundo o descrito no “Artigo 14. Criterios de valoración” das bases

A continuación se resumen os datos necesarios para avaliar a solicitude:

- Eficiencia da actuación en ratio €/habitantes que se atendan; considérase que a actuación da servizo a todos os habitantes do municipio (nº habitantes), polo tanto o ratio é:
Concello de Pereiro de Aguiar : Ratio (€/habitante) = (Orzamento/poboación) = 11,22
Concello de Nogueira de Ramuín: Ratio (€/habitante) = (Orzamento/poboación) = 35,12
Total para a Agrupación solicitante:
Ratio (€/habitante) = (Orzamento/poboación) =8,50
- A achega económica dos concellos no orzamento total do proxecto será de 6.000 €, o que representa o 10,0 % do total do proxecto sen IVE.
- Solicitude presentada conxuntamente por máis dunha entidade local para a realización dun proxecto común:
Concellos de Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín
- No concello de Pereiro de Aguiar existe un punto limpo.



Xaneiro de 2022

Fdo.- Iago Pedreira Bestilleiro

Ingeniero Industrial Colegiado nº:2813

Ilustre Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia